

ó longo do texto. Un apéndice documental e gráfico complementa o volume.

Camiños, e moitos; e arquivos e cartas; horas de sistematización e de redacción; e viaxes que non puido realizar, coma o proxectado a Vietnam, son un aval dos corenta e tantos capítulos de que consta a aventura de san Xosé María de Suegos. Hai aspectos que sorprenden nun relixioso que só parece aspirar ó martirio. Algo que desconcerta ó autor e ó mundo actual, un pouco a todos, porque a todos nos asombran a ética e a estética evanxélicas.

O erudito botará de falta un índice bibliográfico e de fontes, incluída a súa localización. Quizabes as citas poidan resultar prolixas e repetitivas. En canto á entidade editora, debería coidar máis a impresión, evitando as numerosas erratas que desloquen o texto.

Por tratarse dun santo que subiu ós altares gozando Galicia de goberno autonómico; por naceren e criárense biógrafo e biografiado no mesmo entorno, o do concello lucense de Pol; porque ambos escribiron con emoción do seu país; por iso, algúns esperabamos que o libro saíse en galego. Non foi así desta vez, o que non impide que sigamos á agarda de que o señor Ónega nos agasalle algún día con esta dádiva.

Nicanor RIELO

* RISCO, Vicente: *Las tinieblas de Occidente. Ensayo de una valoración de la civilización europea*, edición de Manuel Outeiriño, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1990, 220 páxinas.

Edicións Sotelo Blanco acaba de sacar do prelo unha vella obra que ata agora non pasara de ser un misterio máis arredor do mestre Vicente Risco. Recentemente instalada na nosa terra, esta editorial viña facendo desde Barcelona un inestimable labor a prol da nosa cultura ó reeditar vellas publicacións galegas, entre as que destaca a edición en dous tomos de *Logos*, boletín católico ben coñecido por todos.

A obra que agora ve a luz tiña xa sona abondo entre os estudiosos de Risco e o público achegado ós escritos do mestre ourensán, tanto polo que el mesmo dixerá en diversas ocasións, coma por comentarios dos seus discípulos. Escrita posiblemente entre os anos 1913 e 1916, segundo a opinión de Manuel Outeiriño –ó seu coidado se debe a edición–, foi aludida teimosamente polo

mesmo Risco en artigos e cartas ós amigos, coma anticipación da que escribira O. Spengler, *A decadencia de Occidente*. A pesares de que resulta máis que dubidosa esta afirmación risquiana, non deixa de ser unha obra interesante, aínda hoxe. Interesante polas afirmacións, que cadran ben coa desconfianza *postmoderna* na euforia da razón e na fe ilimitada no progreso, e importante sobre todo para comprender a Risco, aínda que non nos aporta elementos que non coñezamos xa polos seus escritos anteriores. Pero que nos reafirma en que a ideoloxía antirracionalista, anticientífica e, sobre todo, antiindustrial de don Vicente non é algo que entrou nel tralo abandono do galeguismo, senón que os planteamentos da *Biografía do demo* xa estaban nel antes dos seus posicionamentos na II República.

A través dos trece capítulos que compoñen esta obra inédita de Vicente Risco, van desfilando as súas teimas contra esta civilización contemporánea europea que "é a peor das coñecidas, o mundo occidental vai á peor das civilizacións posibles, se antes non acada a ruína total" (p.34). O ton xeral desta civilización "é a baixeza": filisteísmo -palabra típica de Risco-, cobardía, hipocresía... É unha civilización "cainita", herdeira "do primeiro sangue humano verquido na terra". A raíz dos seus males está nas súas mesmas fontes: o *helenismo* ("os gregos eran cainitas típicos", di na p.43) e a súa civilización urbana, pois o *homo urbanus* é "fisioloxicamente desequilibrado, castrado nos seus instintos, domado pola civilización... nutrido de convencionalismos e prexuizos, e gardando no fondo do seu corazón os vicios de Caín: avaricia, irrelixión e envidia" (p.44).

Con este diagnóstico xeral, non é de estrañar que arremeta nos seus capítulos progresivamente contra a *Grecia clásica* ("dexenerada" e creadora de prexuizos) e o *Imperio romano* ("espectáculo dunha cultura sacrificada a un ideal político"); ambos son atacados nos seus fundamentos polo *cristianismo*: "A Santa Igrexa Católica realiza o ideal da sociedade verdadeiramente perfecta, por oposición á polis grega" (p.63). Ela foi a creadora da Idade Media, "a única época decente da historia de Europa", xunto cos pobos do Norte e o Islam. A reacción neoclásica desde o Renacemento e sobre todo desde o Século das Luces, afogaron aquel momento glorioso da historia europea. Desde o aspecto relixioso, foron os *protestantes* e os *xesuítas* os que infectaron o cristianismo de pietismo e laicismo. En fin, obxecto da pluma demoledora de Risco son tamén: as *ciencias* ("especulación no vacío"), o *estado* (Leviatán, "monstro que a Europa moderna alimenta coa súa alma"), o *progreso* e o *maquinismo* (a Torre de Babel, "a el imos sacrificando tódalas cousas verdadeiramente desexables"). Non é de estrañar que Risco conclúa dicindo que cre "no irremediable naufraxio da civilización de Occidente".

Victorino PÉREZ PRIETO